

**PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO  
DE NOVO INGRESO  
ENSINO PRIMARIO**



**CEIP A XUNQUEIRA 1**

## **Índice**

INTRODUCCIÓN.....	2
OBXECTIVOS.....	3
ACTIVIDADES.....	4

## ➤ **INTRODUCCIÓN.**

As características e esixencias da sociedade actual requiren profundar e sistematizar aspectos educativos tan importantes coma este da ACOLLIDA, o recibimento do alumnado, para sentar as bases dun bo clima de convivencia que facilitará o proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso. Este proceso ven marcado en gran medida polas relacións que se establecen na aula, a comunicación e interacción entre compañeiros/as, así coma entre o profesor/a e os alumnos/as.


De aí a importancia de que o profesorado facilite desde o principio o establecemento de relacións positivas, dedique parte do tempo da aula a procesos de grupo e relacións interpersoais, así como cuestións de orde, normas e disciplina. Xa que todo elo incide nunha boa convivencia. O grupo debe asegurar o desenvolvemento da autoconfianza, a autoestima, a toma de conciencia do valor dos sentimentos propios e alleos, a empatía, o manexo das emocións, así coma o tratamento de conflitos que se podan presentar ao longo do curso.

Acoller ben supón o inicio dun proceso de integración, na implicación das familias e do alumnado, proceso que se manterá ao longo do curso, potenciando a participación e as relacións fluídas entre todos os integrantes da comunidade educativa.

No caso dos alumnos/as que pasan de Ed. Infantil a Ed. Primaria, que adoita ser no mesmo centro, supón o paso dunha etapa educativa na que o proceso de aprendizaxe ten un carácter máis lúdico, a outra na que a lecto-escritura e aprendizaxes instrumentais ocupan boa parte do tempo e esforzo dos escolares.

## ➤ **OBXECTIVOS.**

A organización do centro xirará arredor das necesidades destes tres eixes:



### 🔑 RESPECTO AO ALUMNADO:

✍ Facilitar a entrada dos alumnos/as normalizando situacións que podan considerarse desbordantes.

✍ Crear un ambiente escolar no que o alumnado e as súas familias se sintan acollidos e aceptados, desenvolvendo actitudes de respecto cara os demais.

✍ Facilitar a convivencia solidaria entre o alumnado, favorecendo o coñecemento, a confianza, o aprecio, a comunicación, logrando relacións afectivas baseadas na aceptación e recoñecemento mutuo, atenuando a inseguridade, especialmente nos alumnos/as novos.

✍ Priorizar nos primeiros días os aspectos formativos sobre os informativos: ensinar a respectar, pensar, valorar, responsabilizarse, ... atendéndose deste xeito á elaboración do autoconcepto e autoestima positiva.

### 🔑 RESPECTO ÁS FAMILIAS:

✍ Facilitar un maior entendemento entre o profesorado e as familias, solicitando colaboración no proceso educativo.

✍ Dar a coñecer a organización escolar das aulas, do Centro. Preparar os encontros, informar sobre as formas de participación.

✍ Recabar información para coñecer aspectos do alumno/a no seu contexto familiar.

✍ Recoller suxestións das familias acerca da forma de actuar cos seus fillos/as no contexto escolar.

---

## ➤ **ACTIVIDADES.**

### ☞ RESPECTO AO ALUMNADO:

- ✓ Presentación do alumno/a ao resto do grupo e ao profesorado.
- ✓ Actividades xerais de presentación, coñecemento mutuo, comunicación, ....  
comúns a todo o grupo-clase.
- ✓ Programar actividades que favorezan o desenrolo da empatía entre o grupo e co profesorado. Crear un ambiente e cohesión de grupo (decorar a clase, establecer espazos de aula, responsabilidades, ...).
- ✓ Acordar normas de convivencia e traballo escolar, facilitando a participación do alumnado na concreción e elaboración das mesmas.
- ✓ Axudarlles a comprender o funcionamento do Centro, mostrándolles os espazos e a organización.
- ✓ Entrevista ao alumno/a sobre aspectos persoais e sociais: intereses, gustos, hábitos de traballo, actividades, ...
- ✓ Entrevista da orientadora co titor/a, cara o mes de outubro, co obxecto de revisar:
  - ◇ Relacións cos demais
  - ◇ Rutinas de clase e Centro
  - ◇ Actitude ante as tarefas e actividades escolares

### ☞ RESPECTO ÁS FAMILIAS:

- ✓ Entrevista coa familia para informarlle do funcionamento do Centro. Esta entrevista tamén nos aporta información dos intereses e hábitos de cada familia ou datos necesarios para o coñecemento inicial e a boa aprendizaxe do alumno/a.
- ✓ Dar a coñecer a forma de traballo do Centro, o horario, ...
- ✓ Cumprimentar un cuestionario de datos sobre o historial do alumno/a.

✓ Reunión xeral para todas as familias do Centro:

- Presentación do curso académico.
- Obxectivos xerais do Centro.
- Proxectos novos.
- Presentación do profesorado.
- Canles de participación e presentación da ANPA.

✓ Reunión, a principios de primeiro trimestre, do titor/a cos pais e nais do alumnado da súa clase, onde explicará a dinámica de funcionamento do curso.

✓ Cartas informativas periodicamente.

☞ RESPECTO AO PROFESORADO:

O Equipo Directivo establecerá actuacións para que a comezos de cada curso o profesorado que se incorpora ao centro se sinta acollido, presentando ao resto do claustro.

Proporcionaráselle a información e documentación necesarias para que coñeza os documentos de planificación do centro, aspectos da organización fundamentais, normas e pautas de actuación en xeral.